

# DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

## AVALIACIÓN DE PENDENTES

### PENDENTES DO CURSO 2º ESO ( TECNOLOXÍA E DIXITALIXACIÓN)

O alumnado que teña a materia de Tecnoloxía e Dixitalización de 2º ESO pendente de superar, deberá realizar as seguintes actividades:

- Realización e entrega periódica, de actividades relativas ás unidades didácticas do curso.
- Faranse 2 probas parciais, en datas por definir. As datas definitivas serán publicadas coa suficiente antelación. Ademais haberá unha proba final.

Todas as probas serán cualificadas sobre dez puntos.

Para o cálculo da cualificación da materia pendente, terase a seguinte consideración: Media aritmética das probas parciais 80% da cualificación.

Actividades realizadas ao longo do curso 20% da cualificación.

- No caso de que o alumno ou alumna non supere a materia deste xeito poderá realizar unha proba escrita final en data por definir. Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia. En tal caso, darase por superada a materia nesta proba cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

### PENDENTES DO CURSO 3º ESO (EDUCACIÓN DIXITAL)

O alumnado que curse 4º de ESO pero teña a materia de Educación Dixital de 3º ESO pendente de superar, ao non tela superado no ano anterior deberán de realizar as seguintes actividades :

Todo o alumnado terá que facer entrega dunha serie de actividades de seguimento (exercicios, cuestionarios, proxectos, ...) que deberá realizar e entregar ao profesor de xeito periódico. Non se valorarán aquelas actividades que se entreguen fora da data marcada como límite para a súa presentación ao profesor.

A cualificación final obterase do seguinte xeito:

1) Se o alumnado entregou todas as actividades anteriormente nomeadas e acada unha nota superior a 5, considerase a materia superada e a nota será a media das actividades.

2) De non obter unha cualificación positiva nas actividades propostas ou non entregalas, abrirase un novo prazo para a entrega de actividades pendentes ou non superadas e ademais terá que realizar unha proba escrita na data previamente establecida. A nota calcúlase como segue:

50% Tarefas encomendadas polo profesorado.

50% Proba escrita.